



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍA E MINAS

Anuncio

Resolución do 23 de outubro de 2018, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se aproba a modificación da declaración de utilidade pública, en concreto, e se ratifica a compatibilidade co dereito mineiro afectadodo proxecto do parque eólico Sasdónigas, situado no concello de Mondoñedo (Lugo), e promovido por sociedade NorventoSasdónigas, S.L. (expediente 113-EOL).

Examinada a solicitude de Norvento, S.L.(na actualidade NorventoSasdónigas, S.L. e en adiante a *promotora*) sobre a modificación da declaración de utilidade pública, en concreto, do proxecto modificado do parque eólico Sasdónigas, constan os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. Mediante resolución do 6 de maio de 2004 pola que se publica a relación de solicitudes de autorización para instalación de parques eólicos admitidas a trámite ao abeiro da Orde do 22 de xaneiro de 2004 (*DOG nº 18, do 28 de xaneiro*), publicada no *DOG nº 100 do 26 de maio*, a Consellería de Innovación, Industria e Comercio resolveu continuar a tramitación administrativa, entre outros, do parque eólico Sasdónigas para unha potencia de 17,6 MW.

Segundo. Con data 6 de agosto de 2004, Pablo Fernández Castro, en nome e representación da sociedade Norvento, S.L., presentou solicitude de autorización administrativa, declaración de utilidade pública, aprobación de proxecto de execución, proxecto sectorial, estudio de impacto ambiental e acollida ao réxime especial das instalacións do parque eólico Sasdónigas.

Terceiro. Por resolución do 29 de maio de 2006, da Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria de Lugo, someteuse a información pública para estudo ambiental, autorización administrativa, declaración, en concreto, de utilidade pública, aprobación do proxecto de execución e proxecto sectorial das instalacións que comprende o proxecto Parque Eólico Sasdónigas (*DOG nº145, do 28 de xullo*).

Cuarto. Por resolución do 25 de maio de 2010, a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minaspublicou a declaración de impacto ambiental do proxecto do parque eólico Sasdónigas, formulada o 3 de maio de 2010 pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental (*DOG nº119, do 24 de xuño*).

Quinto. Por resolución do 25 de outubro de 2010, a Consellería de Economía e Industria resolveu autorizar administrativamente e recoñecer a condición de instalación acollida ao réxime especial de producción de enerxía eléctrica do parque eólico Sasdónigas. (*DOG nº225, do 23 de novembro*).

Sexto. Por Resolución do 19 de xaneiro do 2011, a Consellería de Economía e Industria, aprobou o proxecto de execución, se declarou a utilidade pública, en concreto, e a compatibilidade con diversos dereitos mineiros do proxecto do parque eólico Sasdónigas. (*DOG nº39, do 25 de febreiro*).

Sétimo. Por Resolución do 24 de febreiro de 2012, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, ordenouse a publicación no *Diario Oficial de Galicia* do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 26 de xaneiro de 2012, polo que se aprobou definitivamente o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal denominado parque eólico Sasdónigas, así como as disposicións normativas contidas no mencionado proxecto.

Oitavo. O 5.8.2016, o promotor presentou a *Adenda para el Cambio de Modelo de Aerogenerador del Parque Eólico Sasdónigas*, solicitando a súa aprobación. A modificación proposta supón o cambio do modelo do aeroxerador proxectado, aumentando a súa potencia nominal unitaria, co que se consigue reducir de 11 a 8 o número de máquinas do parque eólico.

Noveno. O 3.11.2016 e o 9.11.2016, a Subdirección Xeral de Recursos Minerais emitiu informes sobre a compatibilidade entre o parque eólico de Sasdónigas e os dereitos mineiros da provincia de Lugo. Nel ratifica o informe emitido por esa subdirección o 26.04.2010, informando da non interferencia entre as labores de investigación proxectadas para o período da prórroga do permiso de investigación Celia nº 5724, no caso de ser outorgada, e a modificación do parque eólico. Indicando, ademais, que mediante a Resolución da Consellería de

Economía e Industria do 14 de novembro de 2011 declarouse a caducidade do permiso de investigación Togiza nº 5531.

Décimo. O 7.12.2016 a Consellería de Economía, Emprego e Industria outorgou a autorización de construcción para a Addenda de Cambio de Modelo de Aeroxerador do Parque Eólico Sasdónigas.

Décimo primeiro. Con data 21.12.2017, o Consello da Xunta de Galicia declarou o parque eólico Sasdónigas como proxecto de interese especial. (*DOG nº26, do 6 de febreiro de 2018*).

Décimo segundo. O 22.3.2018, o promotor achegou o documento *Valoración ambiental cambio de aerogenerador. Adecuación a la DIA. Parque Eólico Sasdónigas. Marzo 2018*, para a solicitude do informe do órgano ambiental sobre o cambio de modelo de aeroxerador do parque eólico.

Décimo terceiro. O 20.4.2018 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático emitiu informe respecto o citado documento, no que manifestou a necesidade de contar cos informes da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Instituto de Estudos do Territorio e Augas de Galicia.

Décimo cuarto. O 9.6.2018 Norvento S.L. en resposta ao informe do 11.5.2018 da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, propuxo a eliminación do aeroxerador nº1, e a modificación do diámetro de rotor dos aeroxeradores pero mantendo a mesma altura máxima de punta da pa.

Décimo quinto. De acordo co antecedente de feito precedente, o 28.6.2018 a promotora presentou o proxecto da modificación do parque eólico co documento *Memoria técnica de la modificación no sustancial parque eólico Sasdónigas. Ayuntamiento de Mondoñedo. Junio 2018*, no que se recollen a configuración e características finais previstas para o parque eólico, solicitando o seu recoñecemento como non substancial, xunto coa documentación relativa á solicitude de modificación da declaración de utilidade pública, en concreto, do parque eólico.

Décimo sexto. Por Resolución do 20 de agosto de 2018, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, someteuse a información pública a solicitude de modificación da declaración de utilidade pública, en concreto, e a necesidade de urxente ocupación das instalacións do proxecto do parque eólico Sasdónigas (*DOG nº177, do 17 de setembro*).

A dita resolución publicouse no *Diario Oficial de Galicia* do 17.9.2018, e no xornal *El Progreso* do 17.9.2018. Así mesmo, permaneceu exposta ao público na Dirección Xeral de Enerxía e Minas, na Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria de Lugo e no concello afectado de Mondoñedo que emitiron os correspondentes certificados de exposición pública.

Durante o período en que a devandita solicitude se someteu ao trámite de información pública non se presentaron alegacións.

Décimo séptimo. O 13.9.2018, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático emitiu o informe sobre as modificacións solicitadas polo promotor, segundo o establecido no artigo 37.1.d) da Lei 8/2009, do 22 de decembro.

Décimo oitavo. O 14.9.2018, Pablo María Fernández Castro, en representación de NorventoSasdónigas, S.L., e Marta Fernández Castro, en representación de Norvento, S.L., solicitaron a autorización administrativa para a transmisión da titularidade do parque eólico a favor da primeira.

Décimo noneno. O 18.9.2018, a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo informou sobre as modificacións solicitadas polo promotor, segundo o establecido no artigo 37.1.e) da Lei 8/2009, do 22 de decembro.

Vixésimo. O 19.9.2018 o Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Lugo informou que non existe ningunha afección relevante ao sistema forestal.

Vixésimo primeiro. Por Resolución do 20 de setembro de 2018, a Dirección Xeral de Enerxía e Minas, recoñeceu como non substancial a modificación do parque eólico Sasdónigas.

Vixésimo segundo. O 28.9.2018 e o 15.10.2018 a xefatura territorial informou que as modificacións do parque eólico non afectan a máis dereitos mineiros dos reflectidos nos informes da xefatura territorial xa emitidos, e que non se alteran as condicións de compatibilidade establecidas no informe da Subdirección Xeral de Recursos Minerais emitido o día 3.11.2016.

Vixésimo terceiro. Por Resolución do 15 de outubro de 2018 da Dirección Xeral de Enerxía e Minas autorizouse a transmisión da titularidade do parque eólico Sasdónigas de Norvento, S.L. a favor de NorventoSasdónigas, S.L.

Aos antecedentes de feito descritos sonlle de aplicación os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro. O conselleiro de Economía, Emprego e Industria é competente para resolver este procedemento con fundamento no artigo 45.5 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Segundo. No expediente instruído para o efecto cumpríronse os trámites de procedemento establecidos na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, na Lei 8/2009, do 22 de decembro, modificada pola Lei 4/2014, do 8 de maio e pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, consonte á disposición transitoria terceira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e demais normas vixentes de aplicación.

De acordo con todo o que antecede, **RESOLVO**

Primeiro. Modificar a declaración de utilidade pública, en concreto, das instalacións do proxecto do parque eólico Sasdónigas, segundo o previsto nos artigos 54 e 56 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, o que leva implícita a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implica a urxente ocupación aos efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954 (*BOE nº 351, do 17 de decembro*).

Segundo. Ratificar a declaración de compatibilidade do parque eólico co dereito mineiro Celia nº 5.724.

As características principais recollidas no proxecto son as seguintes:

Solicitante: NorventoSasdónigas, S.L.

Domicilio social: Rúa Ramón Aller Ulloa 23, 27003 Lugo.

Denominación: parque eólico Sasdónigas

Potencia autorizada: 18 MW

Concellos afectados: Mondoñedo (Lugo)

Producción neta anual estimada: 74.720 MWh/ano

Orzamento de execución material: 9.825.505,25 euros

Coordenadas perimétricas da poligonal do parque eólico:

Vértice	Coordenadas UTM (Fuso 29 ED50)		Coordenadas UTM (Fuso 29 ETRS89)	
	X	Y	X	Y
1	626.400,00	4.809.000,00	626.275,19	4.808.786,45
2	628.000,00	4.809.000,00	627.875,20	4.808.786,46
3	629.500,00	4.807.450,00	629.375,21	4.807.236,47
4	631.000,00	4.807.650,00	630.875,22	4.807.436,49
5	631.000,00	4.807.250,00	630.875,22	4.807.036,48
6	629.000,00	4.806.000,00	628.875,22	4.805.786,46
7	627.350,00	4.806.450,00	627.225,21	4.806.236,45
8	627.850,00	4.808.400,00	627.725,20	4.808.186,46
9	626.400,00	4.808.800,00	626.275,19	4.808.586,45

Coordenadas de emprazamento dos aeroxeradores:

Aeroxerador	Coordenadas UTM (Fuso 29 ED50)		Coordenadas UTM (Fuso 29 ETRS89)	
	X	Y	X	Y
S02	628.749,00	4.807.470,00	628.624,21	4.807.256,47
S03	628.892,00	4.807.350,00	628.767,21	4.807.136,47
S04	629.055,00	4.807.292,00	628.930,21	4.807.078,47
S09	630.169,00	4.807.289,00	630.044,22	4.807.075,48
S11	630.549,00	4.807.341,00	630.424,22	4.807.127,48

Coordenadas da torre meteorolóxica:

Torre meteorolóxica	Coordenadas UTM (Fuso 29 ED50)		Coordenadas UTM (Fuso 29 ETRS89)	
	X	Y	X	Y
	628.800,79	4.807.379,53	628.676,00	4.807.166,00

Características técnicas das instalacións eléctricas de producción, interconexión e transformación:

- 5 aeroxeradores Vestas 126 de 3.600 kW de potencia nominal unitaria, de 87 metros de altura de buxa e 126 metros de diámetro de rotor.
- 5 centros de transformación de ata 4.000 kVA de potencia nominal unitaria e relación de transformación 20/0,65 kV, instalados individualmente no interior de cada aeroxerador coas súas correspondentes aparellos de seccionamento, manobra e protección.
- 1 torre meteorolóxica autoportante de 87 metros de altura, equipada con viravento, anemómetro, medidor de temperatura , medidor de presión e logger rexistrador.
- Subestación transformadora 20/132 kV para evacuación da enerxía producida no parque eólico Sasdónigas, composta por un transformador principal 20/132 kV ONAN/ONAF Ynynd11 de 30/40 MVA de potencia nominal e outro de servizos auxiliares 20/0,4 kV de 100 KVA de potencia nominal, xunto cos correspondentes equipamentos de control, seccionamento, manobra, medida e protección.
- Edificio de control no cal se situarán, entre outros, a sala de celas, as oficinas e o almacén.
- Liñas eléctricas subterráneas de 20 kV de tensión nominal, en canalización enterrada ou entubada, para a evacuación de enerxía xerada, de interconexión entre os centros de transformación 0,65/20 kV e subestación transformadora 20/132 kV.
- Camiños ou vías para o acceso aos aeroxeradores, torre meteorolóxica, edificio de control e subestación eléctrica.

Esta resolución publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e no *Boletín Oficial* da provincia de Lugo, de acordo co establecido no artigo 148 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación desta resolución, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que consideren pertinente.

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2018.- O conselleiro de Economía, Emprego e Industria P.D. (Orde do 10.6.2016, *DOG* núm. 131, do 12 de xullo) Borja Verea Fraíz, Secretario xeral técnico da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

R. 3084

CONCELLOS

RÁBADE

Anuncio

Por resolución da Alcaldía-presidencia do Concello de Rábade de data **13 de novembro de 2018** prestouse aprobación ao Padrón da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de **outubro de 2018**, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Rábade, 13 de novembro de 2018.- O Alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 3280

RIBAS DE SIL

Anuncio

Acordo do Pleno do Concello de Ribas de Sil polo que se aproba provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de Actividades Económicas.

TEXTO

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 19.11.2018 acordou a aprobación provisional da modificación da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de Actividades Económicas.

E en cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.

Se transcorrido devandito prazo non se presentaron reclamacións, considerarase aprobado definitivamente devandito Acordo.

Ribas de Sil, 20 de novembro de 2018.- O alcalde, Miguel Ángel Sotuela Vega.

R. 3281

RIOTORTO

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación o Orzamento Xeral para o exercicio 2019, a plantilla de persoal e a relación de postos de traballo para o devandito exercicio, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de Marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e disposicións concordantes, exponse ao público na Secretaría deste Concello polo prazo de 15 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da inserción deste edicto no B.O.P., a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se estimen pertinentes, as cales deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente deste Concello.

Riotorto, 23 de Novembro de 2018.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 3328

Anuncio

O Pleno deste Concello, en sesión extraordinaria celebrada o día 23 de novembro de 2018, acordou a aprobación inicial do expediente MC 10/2018, de modificación de créditos.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese o expediente a información pública polo prazo de QUINCE DÍAS a contar dende o día seguinte da inserción deste anuncio no BOP e no Taboleiro de Anuncios do Concello, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Se transcorrido o devandito prazo, non se tivesen presentado alegacións, considerarase aprobado definitivamente dito Acordo.

Riotorto, a 23 de Novembro de 2018.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 3329

SAMOS

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DO ANEXO DE PERSOAL DO CONCELLO DE SAMOS

Publicado no BOP de Lugo de data 20 de outubro de 2018 anuncio de exposición pública da aprobación inicial do expediente de modificación do Anexo de persoal vinculada ao vixente orzamento municipal e transcorrido o prazo previsto no artigo 20.1 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, sen se presentar reclamacións, este considérase

definitivamente aprobado. En cumprimento das previsións contidas no artigo 20.3 do propio R.D. 500/1990 publicáse a plantilla:

ANEXO DE PERSOAL CONCELLO DE SAMOS EXERCICIO 2018

A) PERSOAL FUNCIONARIO:

DENOMINACIÓN	SUBGRUPO	Nº de dotacións	Nivel Cpto. de destino	Situación
FUNCIONARIO CON HABILITACIÓN ESTATAL				
Secretaría-Intervención-Tesouraría	A1	1	26	Nomeamento provisional
FUNCIONARIOS DA ADMINISTRACIÓN XERAL				
Administrativo	C1	1	19	Propiedade
Auxiliar administrativo	C2	1	18	Propiedade
Alguacil	E	1	10	Interinidade
FUNCIONARIOS DA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL				
Subescala técnica				
Traballador social	A2	1 (media xornada)	21	Vacante

B) PERSOAL LABORAL FIJO:

DENOMINACIÓN	Nº de dotacións	Situación
Encargado de obras e servicios	1	Propiedade
Operario Servizos Múltiples	1	Propiedade
Capataz	1	Vacante
Arquitecto	1	Vacante
AEDL	1	Vacante
Xerente de vivenda comunitaria	1	Vacante
Auxiliar de axuda a domicilio	1	Propiedade
Auxiliar de axuda a domicilio	1	Vacante
Asistente acompañante vivenda comunitaria	1	Propiedade
Coidadoravivendas comunitaria	2	Vacantes

C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL:

DENOMINACIÓN	Nº de dotacións
Axudante de axuda a domicilio	7
Coidadoravivendas Comunitarias	4 (1 para cobertura vacación persoal)
Capataz	1
Operario Servizos múltiples	1
AEDL	1
Conductor tractor	1
Xefe de brigada incendios (Convenio de Colaboración Cª Medio Rural e do Mar)	1
Peón brigada incendios (Convenio de Colaboración Cª Medio Rural e do Mar)	3
Peón conductor brigada incendios (Convenio de Colaboración Cª Medio Rural e do Mar)	1
Conductores vehículo motobomba (Convenio de Colaboración Cª Medio Rural e do Mar)	3
Informador turístico do Camiño Francés e do fitoxacobeoas/ás peregrinos/as (Convenio de Colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e os Concellos galegos do Camiño Francés para actuacións de mellora e mantemento, de atención e información ao peregrino, e de promoción do Camiño Francés)	1

D) PERSOAL INTERINO:

DENOMINACIÓN POSTO	Nº de dotacións
Coidadora Vivenda Comunitaria	1

Samos 20 de novembro de 2018.- O alcalde, JulioGallego Moure.

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA
CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO. O.A. COMISARÍA DE AGUAS

Anuncio

De conformidad con lo establecido en el Art. 164 del Reglamento del Dominio Público Hidráulico de 11 de abril de 1.986 (B.O.E de 30 de abril) y sus posteriores modificaciones, la Confederación Hidrográfica del Cantábrico ha acordado iniciar de oficio expedientes de extinción del derecho al uso privativo de las aguas por haber expirado el plazo concesional, correspondientes a las concesiones de aprovechamiento de aguas, sobre los que no constan servidumbres, cuyos datos registrales se relacionan a continuación:

EXPEDIENTE	TITULAR	RÍO	MUNICIPIO	CAUDAL (l/seg)	RESOLUCIÓN Fecha/Autoridad	Nº INSCRIPCIÓN
A/27/06414	Amable Eiros López	” Manantiales Fontes de Valiña do Gato I y II	Baleira	21/10/1997 CHN	7122

Lo que se hace público a efectos de notificación para general conocimiento, por un plazo de **UN MES**, contado a partir de la fecha de publicación en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren afectos por la extinción de las referidas concesiones, incluidos los titulares del derecho puedan manifestar lo que consideren conveniente, durante el indicado plazo, en el Ayuntamiento de Baleira, o bien en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España, nº 2, 33071- Oviedo), donde estará de manifiesto el expediente.

Oviedo. LA TITULADA SUPERIOR DE GESTIÓN Y SERVICIOS COMUNES. Soledad Acuña Rubio.

R. 3285

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL O.A. COMISARÍA DE AGUAS

Anuncio

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

EXPEDIENTE: V/27/01081

PETICIONARIO: LUOUREN S.L.

VERTIDO

DENOMINACIÓN: Área de Servicio en Piúgos

LOCALIDAD: Ctra. LU-612 Lugo-Portomarín, p.k.2+300 Piúgos (Santiago)

TÉRM. MUNICIPAL: Lugo

PROVINCIA: Lugo

RÍO/CUENCA: Campa da Barra/Campa da Barra

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas e industriales de "Área de Servicio en Piúgos" – "LUOUREN S.L.", con un volumen máximo anual de 1.784,000 m³.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

Vertido 1: NO2702151 Aseos

- Separador de grasas.
 - Decantador-digestor con filtro biológico.
 - Arqueta de toma de muestras.
 - Pozo filtrante.
- Vertido 2: NO2702152 Proceso
- Decantador
 - Separador de hidrocarburos con placas coalescentes.

- Arqueta de toma de muestras.

- Pozo filtrante.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 3286

Anuncio

Expediente: A/27/26843

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 25 de xuño de 2018 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada al Ayuntamiento de Taboada, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,009 l/s de agua procedente del manantial A Chousa, en el lugar de Bouzoa, parroquia de Bouzoa (San Xoán), término municipal de Taboada (Lugo) para abastecimiento de una fuente pública.

Lugo, 13 de noviembre de 2018.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López

R. 3287

Anuncio

Expediente: A/27/26085

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento del Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 25 de xuño de 2018 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Luis Figueiras Baltar, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,08 l/s de agua procedente del manantial Do Taboado sito en el Prado do Taboado, parroquia de Belesar (San Bartolomeu), término municipal de Chantada (Lugo), con destino a uso doméstico y riego de 0,57 has.

Lugo, 13 de noviembre de 2018.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 3288

Anuncio

Expediente: A/27/25654

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento del Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 27 de xuño de 2018 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a la Comunidad de Usuarios Fonte do Chouso, de aprovechamiento de 0,1194 l/s de agua procedente de los manantiales Fonte das Pedreiras y Fonte do Chouso, en el lugar de Airexe, parroquia de Pousada (San Lourenzo), término municipal de Baleira (Lugo), con destino a usos domésticos y ganaderos.

Lugo, 13 de noviembre de 2018.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 3289
